



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**



UNIÓN EUROPEA  
 FONDO SOCIAL EUROPEO


**Instituto de Educación Secundaria "Leixa"**

**Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA IES Leixa)**

Garantía Social – Bacharelatos – Ciclos formativos de Artes Gráficas e Sanidade

San Pedro de Leixa s/n  
 15405 – Ferrol (A Coruña)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesleixa>  
[ies.leixa@edu.xunta.es](mailto:ies.leixa@edu.xunta.es)

Tfños: 981328951 e 981328900  
 Fax: 981328900  
 Móbil-GSM: 667626775  
 Móbil actividades: 667626707



# ESTATUTOS



## ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA "LEIXA" (ANPA IES LEIXA)

*[Handwritten signatures]*

*J. Lopez*

*[Signature]*

*[Signature]*

*[Signature]*



Ferrol, maio de 2004



# ESTATUTOS

## TÍTULO PRIMEIRO

### CONSTITUCIÓN E DOMICILIO:

**Artigo 1.-** En conformidade co disposto na Lei 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación (BOE 73 de 26 de marzo de 2002), e o Real Decreto 1533/1986, do 11 de xullo, que regula as APAS, procédese a adaptar os estatutos da Asociación denominada "Asociación de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas do Instituto de Educación Secundaria "Leixa" (ANPA IES Leixa)", centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia con número 2033 do Rexistro de Asociacións e CIF:G15398670.


**Artigo 2.-** A ANPA IES Leixa rexirase polos presentes estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociacións por tempo indefinido mentres o Instituto de Educación Secundaria "Leixa" manteña as súas actividades educativas e polas demais normas legais existentes en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

**Artigo 3.-** A ANPA ten como domicilio legal o do propio Instituto de Educación Secundaria "Leixa", sito no lugar de San Pedro de Leixa s/n, 15405, de Ferrol (A Coruña), sen prexuízo da súa propia autonomía e personalidade xurídica, sendo o seu ámbito de actuación local.

### FINS:

**Artigo 4.-** A ANPA IES Leixa terá como fins:

1. Asistir aos pais e nais ou titores legais dos alumnos e alumnas do Instituto de Educación Secundaria "Leixa" en todo aquilo que atinxa a educación dos seus fillos e fillas ou tutorandos mentres manteñan matrícula activa no centro educativo.
2. Colaborar, organizar e incentivar actividades educativas, extraescolares e complementarias no centro educativo.
3. Promove-lo uso da lingua galega como lingua vehicular nas actividades do centro educativo.
4. Establecer e manter un estreito contacto e colaboración coa dirección e outros órganos pedagóxicos e de orientación do centro educativo e estimula-las relacións e compenetracións dos pais dos mesmos.
5. Elevar propostas á dirección do centro e outros órganos colexiados para a dinamización e mellora das condicións educativas do centro.
6. Promove-la participación dos pais e nais ou titores legais dos alumnos e alumnas na xestión do centro dentro do ámbito da súa competencia.
7. Asistir aos pais e nais ou titores legais de alumnos e alumnas no exercizo do seu dereito a intervir no control e xestión do centro de acordo co establecido na lexislación vixente.



*[Handwritten signature]*  
D. Lopez

*[Handwritten signature]*  
Joaquín...

*[Handwritten signature]*



8. Facilita-la representación e participación dos pais e nais ou titores legais no Consello Escolar do centro a través dos seus representantes electos.
9. Relacionarse e prestar colaboración con outras asociacións semellantes para o logro dos fins comúns.
10. Participar na problemática local, provincial, autonómica e estatal a través dos cauces legais.



## TÍTULO SEGUNDO

### DOS ASOCIADOS:

**Artigo 5.-** Son socios e socias de pleno dereito da ANPA IES Leixa os pais, nais e titores legais dos alumnos e alumnas que cursen estudos no Instituto de Educación Secundaria "Leixa" que, previa solicitude de inscrición, abonen as cotas correspondentes que se establezan.

**Artigo 6.-** Os socios e socias da ANPA IES Leixa terán voz e voto e poderán ser elixidos para desempeñar cargos directivos e representar á ANPA IES Leixa no Consello Escolar, de acordo co que estableza a legalidade vixente.

**Artigo 7.-** Terán a consideración de socios ou socias colaboradores os antigos membros da ANPA IES Leixa tras causaren baixa polo remate de estudos dos seus fillos e fillas, sempre que abonen as cotas que se establezan. Os socios e socias colaboradores poderán participar nas actividades da ANPA IES Leixa con voz e con voto e poderán formar parte da Xunta Directiva, pero non poderán ser representantes legais da ANPA IES Leixa no Consello Escolar do centro educativo.

## TÍTULO TERCEIRO

### DOS DEREITOS E OBRIGAS DOS ASOCIADOS:

**Artigo 8.-** Serán dereitos dos socios e socias:

1. A asistencia a cantos actos organice a ANPA IES Leixa.
2. Colaborar coa súa experiencia no goberno e administración da ANPA IES Leixa.
3. Recibir instrucións e comunicacións e estar informados das actividades da ANPA IES Leixa.
4. Propor suxestións, peticións e formula-las observacións que consideren oportunas aos órganos de goberno da ANPA IES Leixa.

**Artigo 9.-** Serán obrigas dos socios e socias:

1. Abona-las cotas de socio establecidas pola Asemblea Xeral.
2. Cumpli-los acordos da Asemblea Xeral e o contido dos estatutos.
3. Colaborar coa Xunta Directiva, a requirimento desta, nas actividades organizadas pola ANPA IES Leixa.



*[Handwritten signature]*  
D. Lopez

*[Handwritten signature]*  
Jacqueline...



**Artigo 10.-** A calidade de socio ou socia pérdese polas seguintes circunstancias:

1. Por vontade propia, manifestada expresamente por escrito.
2. Polo remate de estudos dos seus fillos, fillas ou tutorandos.
3. Por falta de pago das cotas.
4. Por accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación. A expulsión de asociados/as será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recurrir ante a Xurisdicción Ordinaria.



## TÍTULO CUARTO

### MEDIOS ECONÓMICOS DA ASOCIACIÓN:

**Artigo 11.-** A ANPA IES Leixa terá recursos propios consistentes en:

1. Cotas dos socios e socias.
2. Donativos, subvencións e outras aportacións que poidan recibir.
3. Os intereses que produzan os fondos.

**Artigo 12.-** A administración dos recursos económicos da ANPA IES Leixa compete á Xunta Directiva, que dará conta da súa administración á Asemblea Xeral.

**Artigo 13.-** Aos efectos do artigo 12, considérase exercizo económico e asociativo o curso educativo tal e como establezan as datas contidas no correspondente calendario escolar publicado no Diario Oficial de Galicia para cada curso escolar.

**Artigo 14.-** A Xunta Directiva presentará para a súa aprobación, ao inicio de cada curso académico e nunha Asemblea Xeral, o peche de contas do curso anterior e un novo orzamento para o curso correspondente, indicando o estado de contas xeral da ANPA IES Leixa.

**Artigo 15.-** As cotas que deben abona-los socios e socias serán fixadas pola Asemblea Xeral podendo ser satisfeitas anual, trimestral ou mensualmente segundo se estableza. As ditas cotas serán sometidas a revisión en cada curso académico.

**Artigo 16.-** A Asociación no momento de inicia-las súas actividades dispón dun patrimonio de 600 euros, sen prexuízo de aumentalo coas formalidades legais.



## TÍTULO QUINTO

### ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN:

**Artigo 17.-** A ANPA IES Leixa será rexida e gobernada por:

1. A Asemblea Xeral, da que forman parte tódolos socios e socias, que pode reunirse de forma ordinaria e extraordinaria.
2. A Xunta Directiva da ANPA IES Leixa.

*[Handwritten signatures and notes]*



## A. DA ASEMBLEA XERAL:

**Artigo 18.-** Os socios e socias constituídos en Asemblea Xeral debidamente convocada constitúen o órgano de goberno da ANPA IES Leixa. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos socios e socias presentes sempre que o número de votos positivos sexan superiores aos negativos sen menoscabo do contido no parágrafo d) do artigo 12 da Lei 1/2002, de 26 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

Tódolos socios e sociais quedarán sometidos ás decisións da Asemblea Xeral.

**Artigo 19.-** A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario dúas veces ao ano, unha ao principio e outra ao final de cada curso académico.

**Artigo 20.-** A Asemblea Xeral reunirase con carácter extraordinario nas seguintes situacións:

1. Cando o estime conveniente a Xunta Directiva.
2. Cando o soliciten por escrito á Xunta Directiva un mínimo do 10 % dos socios e socias.
3. Cando se verifique o recurso ao que fai referencia o punto 4 do artigo 10 previa solicitude do socio ou socia implicado.

**Artigo 21.-** A Asemblea Xeral quedará validamente constituída cando estean presentes un tercio dos socios e socias. Estará presidida polo Presidente/a da Xunta Directiva actuando como Secretario/a quen ocupe este cargo na mesma Xunta Directiva.

**Artigo 22.-** Aos efectos de representatividade os socios e socias poden delegar a representación noutro socio ou socia sempre que se produza por escrito dirixido ao Presidente/a con 5 días de antelación á reunión da Asemblea Xeral.



**Artigo 23.-**

**Un.-** Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria as seguintes:

1. Designar ao Presidente da ANPA IES Leixa e aos socios e socias que constitúen a Xunta Directiva.
2. Coñecer e aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
3. Examinar e aprobar, se procede, a Memoria, as contas do exercicio anterior e o reparto orzamentario do curso actual.
4. Fixa-la liña de actuación da ANPA IES Leixa, velando polos seus fins.
5. Calquera outro asunto que a Xunta Directiva someta á súa consideración.

**Dous.-** Serán competencias a Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Aproba-la modificación dos Estatutos da ANPA IES Leixa.
2. Elección de nova Xunta Directiva cando se dean circunstancias non ordinarias.
3. Acordo para constituír unha Federación de Asociacións de ANPA dos centros da súa área de influencia ou integrarse na existente.
4. Disolución da ANPA IES Leixa.
5. En xeral, cantos asuntos lle sexan sometidos pola Xunta Directiva que afecten ao futuro e bo funcionamento da ANPA IES Leixa e non poida



*[Handwritten signature]*  
D. Lopez

*[Handwritten signature]*  
eccc...mas...

*[Handwritten signature]*



demorarse a solución dos mesmos ata a data da seguinte Asemblea Xeral ordinaria.

**Artigo 24.-** A Asemblea Xeral fará constar en acta do libro correspondente todos os acordos adoptados. A acta debe ser asinada polo Presidente/a e Secretario/a e dous socios ou socias asistentes.

Cando un socio ou socia o solicite, faranse constar en acta as súas observacións e/ou intervencións.



**B. DA XUNTA DIRECTIVA:**

**Artigo 25.-** O goberno da ANPA IES Leixa estará a cargo dunha Xunta Directiva formada polos seguintes membros: Presidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e entre 2 e 4 vocais. Se se considera oportuno, o Presidente pode propoñerlle á Asemblea Xeral o nomeamento dun Vicepresidente/a, un Vicesecretario/a ou un Vicetesorero/a.

**Artigo 26.-** Ningún dos membros da Xunta Directiva recibirá remuneración ningunha polo desenvolvemento das súas funcións, aínda que terán dereito á restitución dos gastos que lles produza o seu labor entendendo por tales os gastos de desprazamento e mantemento xustificadas, sen dereito a percibir dietas de asistencia.

**Artigo 27.-** A Xunta Directiva elixirase, cando corresponda, nunha Asemblea Xeral a principios de curso mediante votación secreta entre as candidaturas presentadas nas datas que se fixen.

Os membros da Xunta Directiva desempeñarán as súas funcións por un período de dous cursos académicos, podendo ser elixidos por outros dous cursos académicos como máximo.

**Artigo 28.-** O feito de cesar como socio ou socia da ANPA IES Leixa leva necesariamente implícito o cese como cargo directivo, podendo designalo Presidente/a quen ocupe interinamente o cargo vacante ata a convocatoria da Asemblea Xeral.

**Artigo 29.-** Son funcións da Xunta Directiva as seguintes:

1. Representar á ANPA IES Leixa.
2. Cumprir e facer cumprir-las Estatutos e disposicións da Asemblea Xeral.
3. Redacta-la Memoria Anual.
4. Confecciona-lo balanço e orzamentos do exercicio para exame e aprobación, no seu caso, pola Asemblea Xeral.
5. Decreta-la baixa dos socios conforme o punto 4 do artigo 10.
6. Recoller cantas ideas, observacións e suxestións lle fagan os socios e socias, de acordo cos fins da ANPA IES Leixa para o mellor cumprimento dos mesmos.
7. Manter co centro educativo toda clase de relacións en orde aos fins da ANPA IES Leixa.

**Artigo 30.-** A Xunta Directiva reunirase alomenos unha vez ao mes e cantas veces o estime oportuno o seu Presidente/a ou tres dos seus membros. Os acordos serán tomados por maioría de votos dirimindo os empates o voto do



*[Handwritten signatures and notes]*  
D. Lopez  
Luis...  
Secre...  
[Signature]



Presidente/a. Para a validez dos acordos precísase a presenza de **al menos a metade dos seus membros.**

**Artigo 31.-** As reunións da Xunta Directiva serán presididas polo Presidente/a, e os acordos faranse constar nun libro de actas, distinto ao da Asemblea Xeral, que asinará o Secretario/a da Xunta Directiva co visto e prace do Presidente/a.

**Artigo 32.-** Son funcións do Presidente/a as seguintes:

1. Representar á ANPA IES Leixa en tódolos actos e ante tódolos organismos.
2. Convocar, presidir e levanta-las sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
3. Fixa-la orde do día da Asemblea Xeral por acordo da Xunta Directiva.
4. Ordena-los pagamentos acordados validamente.
5. Asinar co Tesoureiro/a os talóns, recibos e documentos análogos.
6. Asinar, xunto do Secretario/a, os libros de actas dando o visto e prace das mesmas.
7. Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado.

**Artigo 33.-** Son funcións do Secretario/a as seguintes:

1. Actuar como tal nas reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.
2. Redacta-la orde do día e cursa-las convocatorias.
3. Asistir ao Presidente/a e á Xunta Directiva para o cumprimento dos acordos.
4. Leva-los libros e ficheiros que se considere oportuno para o control e filiación dos socios e socias.
5. Redacta-la Memoria Anual.
6. Expedi-las certificacións dos acordos da Xunta Directiva e a Asemblea Xeral co visto e prace do Presidente/a.


**Artigo 34.-** Son funcións do Tesoureiro/a as seguintes:

1. Leva-la contabilidade da ANPA IES Leixa.
2. Asina-los recibos das cotas ordinarias da ANPA IES Leixa.
3. Formula-los proxectos de orzamentos e balanzos do exercicio.
4. Asumi-las funcións do Secretario/a por ausencia ou enfermidade deste, cando non exista Vicesecretario/a.

**Artigo 35.-** Son funcións dos vocais da Xunta Directiva as seguintes:

1. Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
2. Aportar cantas suxestións e datos sexan precisos.
3. Formar parte das comisións de traballo que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

**Artigo 36.-** Corresponde ao Vicepresidente/a, Vicesecretario/a e Viceteseourei-ro/a, de existiren os cargos, asumi-las funcións dos titulares dos respectivos cargos por ausencia ou enfermidade dos mesmos.



*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*


*[Handwritten signature]*



**Artigo 37.-** Os membros da Xunta Directiva cesarán dos seus cargos nas seguintes situacións:

1. Por remate do período de mandato.
2. Por solicitude voluntaria.
3. Por incumprimento manifesto das súas obrigas se así o decide a Asemblea Xeral.

**Artigo 38.-** En caso de cese dalgún membro da Xunta Directiva asumiran os respectivos cargos o Vicepresidente/a, Vicesecretario/a ou Vicetesoreiro/a respectivamente, de existiren, ata a convocatoria dunha Asemblea Xeral.



## TÍTULO SEXTO

### REPRESENTACIÓN DO INSTITUTO:

**Artigo 39.-** O instituto estará representado na ANPA IES Leixa por un membro da dirección do mesmo, designado polo Director/a.

**Artigo 40.-** O representante do instituto na ANPA IES Leixa terá como funcións:

1. Asistir ás reunións da Xunta Directiva con voz e sen voto.
2. Asistir ás reunións da Asemblea Xeral con voz e sen voto.
3. Informar á ANPA IES Leixa ou o seu órgano de Goberno, as suxestións que reciba da Dirección do instituto.
4. Transmitir á Dirección as suxestións que xorden da ANPA IES Leixa.

## TÍTULO SÉTIMO

### MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN:


**Artigo 41.-** Os presentes estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou 1/4 dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaría da Asociación as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

**Artigo 42.-** Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de socios/as.

**Artigo 43.-** A ANPA IES Leixa extinguirase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as, consonte ao establecido no artigo 18 destes Estatutos.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

**Artigo 44.-** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, q ue xunto o/a Presidente e o/a Tesoureiro/a, pro-



*[Handwritten signature]*


*[Handwritten signature]*



cederá a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 45.-** O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase ás Asociacións de Alumnos/as legalmente constituídas no IES Leixa ou, no seu defecto, ás asociacións sen fins de lucro existentes na cidade de Ferrol que decida a Asemblea Xeral Extraordinaria.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.



\*\*\*\*\*

Dona Isabel Leal Fraga, na súa calidade de Secretaria da Asociación de Nais e Pais do IES Leixa (ANPA IES Leixa), fai constar que os presentes estatutos modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria, celebrada o día 24 de maio de 2004, son para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. En Ferrol, a 24 de maio de 2004.



Vº e Prace, o Presidente

A secretaria

Asdo: Arturo J. Souto Rodríguez

Asdo: Isabel Leal Fraga

INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN  
ASOCIACIÓN Nº.....1390/1ª.....  
Inscrita a modificación por resolución do.....14.....  
de.....manto.....de 20.....05.....  
ós sos efectos de publicidade de conformidade co artigo 22  
da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.

A XEFA DO SERVIZO  
R.A.  
  
Dona M. Lobo Baral







**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE XUSTIZA,  
 INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL  
 Delegación Provincial

Fernando Macías, 18-1º  
 15071 A CORUÑA  
 Tel. 981 18 59 24  
 Fax 981 18 57 61

COPIA



**SR. PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE  
 NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS  
 DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN  
 SECUNDARIA  
 LEIXA  
 San Pedro de Leixa, s/n  
 15405 - FERROL  
 A Coruña**

**Código : 110124 SECC. ESPECTACULOS PUBLICOS E ASOCIATIONS**  
**Asunto : Modificación Estatutos Asociación 1984/001390 /1 (AC)**

No día de hoxe o Delegado Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local dictou a seguinte Resolución:

Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA LEIXA, de Ferrol, inscrita por Resolución do 23 de febreiro de 1984, correspondéndolle o nº 1984/001390-1 (AC) do Rexistro Provincial de Asociacións e tendo en conta os seguintes

#### FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 24 de maio de 2004, acordou a modificación dos seus Estatutos para adaptarse á Lei Orgánica 1/2002, e afectan algunhas das modificacións realizadas ós seguintes extremos rexistrados:

**FINS:** regulados no artigo 4º.  
**ÁMBITO:** LOCAL  
**DOMICILIO:** San Pedro de Leixa, s/n

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

**Segundo:** Que na adopción do acordo de modificación cumpríuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

**Terceiro:** Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



## RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Xúntase un exemplar de Estatutos selados por este centro.

A Coruña, 14 de marzo de 2005

A SECRETARÍA PROVINCIAL



Asdo.: Ana Lado Eiriz